



MATERIAIS CERÁMICOS TARDÍOS (ss. IV-VI d.C.) NO CASTRO DE VILADONGA

Carlos Tejerizo García*; Celia Rodríguez González**;
Mario Fernández Pereiro***

Introdución¹

O xacemento de Viladonga é, sen dúbida, un dos castros máis relevantes, non só do noroeste, senón de todo o centro e do norte peninsular. Isto débese a varios factores: en primeiro lugar, é un dos castros que conta cunha historiografía máis complexa e completa, e dos máis amplamente escavados (VIGIL-ESCALERA y TEJERIZO GARCÍA, 2014). En segundo lugar, trátase de todo un referente da xestión do patrimonio e da musealización da arqueoloxía (ARIAS VILAS, DURÁN FUENTES, BASTOS BERNÁRDEZ, y VARELA ARIAS, 2013). En terceiro lugar, foi un dos primeiros sitios do noroeste peninsular onde se recoñeceu as ocupacións romanas e tardías, posibilitando todo un cambio de paradigma nas interpretacións sobre a rede do poboamento no Imperio Romano e na época sueva (ARIAS VILAS, 1996; LOVELLE y LÓPEZ QUIROGA, 2000). En último lugar, a ampla extensión escavada permitiu a exhumación dunha das máis importantes

coleccións de obxectos arqueolóxicos asociada a un castro con este tipo de ocupacións tardías, destacando o importante conxunto conxunto cerámico recuperado², único no contexto historiográfico peninsular.

Con todo, non son moitas as análises e publicacións sobre esta colección, existindo unicamente dúas publicacións específicas: unha sobre as producións de *sigillata* exhumada nas escavacións dos anos 70 (CAAMAÑO GESTO y LÓPEZ RODRÍGUEZ, 1984); e outra sobre as producións prehistóricas (DORREGO MARTÍNEZ y RUBIERO DA PENA, 1998). O resto das publicacións nas que aparecen referencias ás cerámicas do sitio corresponden ás publicacións sobre as escavacións no castro (por exemplo ARIAS VILAS, 1985; CHAMOSO LAMAS, 1977), no catálogo do xacemento publicado polo museo (ARIAS VILAS, et al., 2013) ou coma parte de análises máis xerais (por exemplo GONZÁLEZ RUIBAL, 2006-2007; JUAN TOVAR, 2012a). Existe, porén, unha importante tarefa por facer para coñecer este importante conxunto que, sen dúbida, achegará moitos datos para a comprensión de múltiples aspectos do pasado, como a tecnoloxía, a vida cotiá ou as relacións comerciais.

* (Instituto de Ciencias del Patrimonio, Consejo Superior de Investigaciones Científicas).

** (Universidade de Santiago de Compostela).

*** (Universidade de Santiago de Compostela).

1 Este traballo foi realizado no marco do Proxecto "Agencia campesiña y complejidad sociopolítica en el noroeste de la Península Ibérica en época medieval" (Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, HUM2016-76094-C4-2-R), no Grupo de Investigación en Patrimonio y Paisajes Culturales (Gobierno Vasco, IT936-16) e no Grupo de Estudios Rurales (Unidad Asociada UPV/EHU-CSIC) dirixidos por Juan Antonio Quirós Castillo e grazas a unha bolsa de investigación posdoutoral financiada pola Xunta de Galicia.

2 Por mor da continuación das escavacións e da propia historiografía do castro, non se sabe con seguridade o número de fragmentos cerámicos que hai en Viladonga, próximo aos 75.000 fragmentos segundo nosos cálculos.

No marco dun proxecto para o estudo do poboamento en época tardoimperial e sueva no interior da Gallaecia³ tivemos a oportunidade de facer unha revisión de parte do material cerámico do castro, tendo dous obxectivos a desenvolver: analizar as producións cerámicas vinculadas coas fases máis tardías e tentar delimitar con maior precisión as cronoloxías desta última ocupación. Esta é datada por outros autores de forma xenérica entre os séculos II e V d.C., mais consideramos susceptíbel de se poder precisar. A análise realizouse entre o 25 e o 31 de maio de 2017 no Museo do Castro de Viladonga⁴ e centrouse naquelas campañas de escavación que contaban cun rexistro estratigráfico, para poder realizar unha análise contextual da cerámica. En concreto, as campañas obxecto de revisión foron:

CAMPAÑA	ENTIDADE ⁵	SECTORES INTERVENIDOS	Nº DE CONTEXTOS ESTRATIGRÁFICOS ANALIZADOS	FRAGMENTOS CERÁMICOS ANALIZADOS
1996	Terra Arqueos	Ampliación área escavada en antecastro oeste e traballos en croa	53	2.125
2003	AXA Arqueología	Camiño este de entrada principal. Paramento interior da muralla. Ampliación traballos en antecastro oeste.	36	1.147
2006	AXA Arqueología	Excavación entrada principal. Barrio leste da croa. Antecastro oeste	25	172
2007	AXA Arqueología	Excavación de vivanda exhumada en campaña anterior	33	403
2008	AXA Arqueología	Excavación da entrada principal da croa e parte interior a ambos lados da entrada.	40	908
2016	Terra Arqueos	Excavación dos sectores 12 e 13 e a entrada da croa.	41	996
TOTAL			228	5.751

3 Proxecto Sputnik Labrego, financiado mediante un contrato posdoutoral da Xunta de Galiza. <https://sputniklabrego.com/>

4 Queremos agradecer o magnífico trato e cordialidade do persoal do museo durante a revisión.

5 Todas as intervencións contaron coa supervisión e o asesoramento de F. Arias Vilas.

O número total de fragmentos analizados foi de 5.751 (máis o menos un 8% do total da cerámica recuperada no xacemento) en 228 contextos estratigráficos distintos, maiormente relacionados coa amortización de contextos domésticos. Deste conxunto, e en relación aos obxectivos deste traballo, o total de fragmentos cerámicos que podemos asociar aos momentos tardíos do castro é de 2.431 fragmentos. A maiores, analizamos os materiais tardíos expostos na colección permanente do Museo do Castro de Viladonga, pola súa importancia para a caracterización das fases tardías do castro (ARIAS VILAS, et al., 2013), así como a *sigillata* previamente analizada (CAAMAÑO GESTO y LÓPEZ RODRÍGUEZ, 1984). O principal problema deste último grupo de material cerámico é que pertence ás antigas escavacións, polo que non presentan un contexto estratigráfico específico.

O traballo consistiu nunha análise macroscópica e de clasificación e cuantificación da cerámica segundo as súas características tecnolóxicas e tipolóxicas (CUOMO DI CAPRIO, 2007; LEMONNIER, 1992) xa utilizadas en análises similares con bos resultados (TEJERIZO GARCÍA, 2016). Posteriormente, comparáronse cos últimos estudos sobre a cerámica deste período e de xacementos próximos, co obxectivo de establecer paralelos, cronoloxías e inferencias histórico-sociais (especialmente ALCORTA IRASTORZA y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2012; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2016; TEJERIZO GARCÍA y VIGIL-ESCALERA GUIRADO, 2017; VIGIL-ESCALERA y QUIRÓS CASTILLO, 2016).

Neste texto presentaremos os primeiros resultados desta revisión. En primeiro lugar, faremos unha descrición por producións dos materiais tardíos analizados. En segundo, realizaremos algunhas consideracións de tipo cronolóxico e social sobre a presenza deste material cerámico en Viladonga en relación ás transformacións do período obxecto de estudo. Finalmente, concluiremos con algunhas consideracións sobre os próximos pasos a dar en relación o estudo da cerámica no castro.

OS MATERIAIS TARDÍOS DO CASTRO DE VILADONGA.

Como xa foi recoñecido por varios autores, o castro de Viladonga caracterízase cunha intensa ocupación tardía, mostrada pola presenza dun moi importante conxunto de materiais asociados a este momento, se ben non existe un consenso sobre as cronoloxías concretas desta ocupación (ARIAS VILAS, 1987, 1993, 1996; AYÁN VILA, 2012; GONZÁLEZ RUIBAL, 2006-2007; LOVELLE y LÓPEZ QUIROGA, 2000). A orixinalidade e cantidade deste material no contexto do castro e a ausencia, no seu contexto historiográfico, de estudos dos materiais desa cronoloxía supuxo un problema para abordar estes materiais no pasado, como foi ben recoñecido por outros autores (CAAMAÑO GESTO y LÓPEZ RODRÍGUEZ, 1984). Non obstante, os avances no estudo da cerámica dos séculos IV-VIII d.C. nos últimos anos cambiaron radicalmente o panorama e na actualidade estamos en disposición da suficiente masa empírica e analítica como para abordar con boas ferramentas este conxunto (VIGIL-ESCALERA y QUIRÓS CASTILLO, 2016).

Así, foi posíbel o recoñecemento e diferenciación das seguintes producións asociadas aos momentos tardíos de ocupación no castro de Viladonga:

CTO	Descrición	Frag (nº)	Frag (%)	Peso (gr)	Peso (%)
TSHT	<i>Terra Sigillata Hispánica Tardía</i>	123	5,06	811	1,56
CIS	Cerámica Imitación de <i>Sigillata</i> (CIS). Normalmente con presenza de vernices color ocre e abelá con desengraxantes de pequeno e mediano tamaño de seixo e mica prateada.	7	0,29	173	0,33
CCRA	Cerámica a torno rápido e cocción oxidante con pastas ben depuradas con desengraxantes de mediano tamaño de seixo.	20	0,82	299	0,58
CCRB	Cerámica a torno rápido e coccións mixtas (tendente a oxidantes) de pastas pouco depuradas con desengraxantes de mediano e gran tamaño de seixo, mica prateada e chamota.	879	36,15	19.149	36,92
Engobada	Producións a torno rápido de coccións mixtas, normalmente oxidante no exterior e redutora ao interior. Presenza de abundantes desengraxantes de mica prateada de mediano e gran tamaño.	535	22,01	10.522	20,29
TRA/TRC	Cerámica a torno rápido e cocción redutora, ben depurada con desengraxantes medianos e pequenos de seixo e mica prateada de boa calidade.	177	7,28	2.889	5,57
TRB	Cerámica a torno rápido e cocción redutora, escasamente depurada con desengraxantes de mediano e gran tamaño (> 5mm.) de chamota, seixo, mica prateada e dourada.	643	26,45	15.822	30,51
TRB1	Cerámica a torno rápido e cocción xeralmente mixta tendente a redutora. Presenza de desengraxantes de gran tamaño de mica prateada, seixo e cuarcita.	24	0,99	625	1,21
TLB	Producións realizadas a torno baixo ou a man, de coccións mixtas (con diversas variantes) e escasamente depuradas con desengraxantes medios e grandes de seixo, cuarcita, chamota e abundante mica prateada. Normalmente asociado a formas abertas tipo fontes.	23	0,95	1.575	3,04
	TOTAL	2.431	100	51.865	100

Hai que ter en conta que esta clasificación corresponde unicamente aos materiais provenientes de contextos estratigráficos. Na revisión do material da colección permanente puidéronse atopar outros tipos de produción, como por exemplo pezas de imitación de *sigillata* gris, que non apareceron de forma clara noutros conxuntos. Describiremos a continuación as características formais, tecnolóxicas e cronolóxicas de cada produción por separado.

***Terra Sigillata* Hispánica Tardía**

O conxunto de *sigillata* tardía documentada ascende a 123 fragmentos (5% do total da cerámica tardía analizada). A este pequeno grupo hai que sumar os arredor de 80 fragmentos publicados no traballo de Caamaño e López Rodríguez (CAAMAÑO GESTO y LÓPEZ RODRÍGUEZ, 1984). Pódese polo tanto destacar xa a baixa recorrencia no conxunto, característico dos últimos momentos da súa produción no contexto do norte peninsular a mediados da quinta centuria (VIGIL-ESCALERA, 2013). Son diferenciábeis

tres grandes grupos de *sigillatas* tardías seguindo a clasificación proposta por A. Vigil-Escalera (VIGIL-ESCALERA, 2015).

O primeiro grupo correspondería aos fragmentos de TSHT lisa, cun total de 91 fragmentos. Existe unha escasa variedade formal dentro do grupo, correspondendo a maioría dos fragmentos a formas de cunca 37 tardía, sendo posíbel documentar algúns fragmentos de Ritt. 8 e un fragmento de cunca Palol 10 ou Palol 8 (CAAMAÑO GESTO y LÓPEZ RODRÍGUEZ, 1984, 176; Fig.176, peza 156). Todas as formas de TSHT lisa en Viladonga son, polo tanto, abertas e asociadas fundamentalmente a cuncas. A datación destas formas é moi xenérica, cubrindo todo o século IV e a primeira metade do século V d.C.

O segundo grupo de *sigillatas* correspondería a aquelas pezas decoradas a molde, das cales puidéronse documentar 28 fragmentos no conxunto analizado máis as xa publicadas por Caamaño e López Rodríguez. Neste grupo a variedade decorativa na TSHT tampouco é especialmente diversificada. Documentábase fundamentalmente decoracións a base de círculos secantes con ángulos e barras sinuosas, en algunha ocasión divididas en frisos. Todas son encadrábeis no denominado “segundo estilo” de Mayet ou grupo 2A/B de Vigil-Escalera. Segundo a revisión deste último autor, estas producións débense datar xa a partir do último carto do século IV, non superando en ningún caso a metade do século V d.C. (VIGIL-ESCALERA, 2015, 104).




Figura 1. *Sigillatas* tardías de Viladonga (Caamaño Gesto y López Rodríguez, 1984).

No terceiro grupo de *sigillatas* é posíbel distinguir un mínimo conxunto (4 fragmentos) correspondente a pezas decoradas mediante motivos estampados. Todas estas son formas de cuncas 37 tardías e se presentan mediante semicírculos formados por pequenas liñas rectas (07-578 y 96-1861), clasificábel dentro do grupo 4B de Vigil-Escalera. A súa cronoloxía céntrase dentro da primeira metade do século V d.C.

Cerámica Común Romana e Ánforas.

Baixo a categoría de “Cerámica Común Romana” (CCR) inclúense aquelas producións feitas mediante torno rápido, de cocción plenamente oxidante ou mixta máis oxidante cara ao exterior. Dentro deste conxunto diferenciamos unha variedade máis depurada (CCRA), posiblemente asociada ás producións destinadas a contención de líquidos, e outra con pouca depuración (CCRB), destinada principalmente á cociña. Cabe destacar que esta última é a produción máis numerosa nos contextos tardíos do castro, con máis dun terzo das pezas analizadas (36,15% do total) o que demostra a súa continuidade até os últimos momentos da ocupación imperial do noroeste peninsular.

Debido ao nivel de fragmentación destas producións non se localizaron moitas formas completas no conxunto analizado. Aquelas que se puideron recoñecer non presentaban variedades formais moi diversas, sendo a gran maioría correspondentes a formas pechadas tipo xerra ou botella, no caso da variedade depurada, e distintas formas de olas na variedade pouco depurada. As formas máis comúns localizadas inclúen olas tipo 1 e 2 de Vegas, grandes contedores tipo 12 de Vegas ou un exemplar completo de xerra monoansada moi similar ao tipo 38.7 de Vegas. Se ben as cronoloxías desta cerámica son moi xenéricas (VEGAS, 1973), a súa presenza en contextos estratigráficos xunto a material claramente tardío permiten data-la nestes momentos, mostrando así a continuidade da súa produción e de seu consumo.

Incluimos dentro deste grupo as ánforas localizadas nos contextos analizados. Trátase dun tipo cerámico de moi difícil recoñecemento se non se atopa fragmentos da súa parte superior, do fondo ou das

súas características grandes asas. É esta a razón pola que se incluíron por defecto dentro das producións de CCRB. Os escasos fragmentos seguros atopados no conxunto analizado corresponderían as formas máis coñecidas para esta área, como as formas de Keay 62 de orixe africano ou formas béticas de Dressel 23 moi típicas da quinta e sexta centurias. Se ben non se pode descartar, non se atoparon, no conxunto analizado ánforas de orixe oriental tipo LRA 1-3 como si foron documentados noutros contextos do noroeste (FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2016).

A presenza de ánforas nos contextos tardíos de Viladonga é un importante indicativo da recepción de produtos de importación no sitio. A recepción de mercadorías no norte peninsular decrece radicalmente ao longo da quinta e sexta centurias (LEÓN ASENSIO y BARONA BARONA, 2013), como foi posíbel documentar, por exemplo, en Castro Ventosa (TEJERIZO GARCÍA y VIGIL-ESCALERA GUIRADO, 2017), polo que consideramos que este factor podería relacionarse coa limitada presenza de ánforas no contexto de Viladonga, que mostrarían as últimas fases de recepción de importacións. Porén, os recentes estudos na área de Vigo mostran un panorama máis complexo na zona de costa, onde o comercio de produtos desde Oriente está presente no posíbeis emporia costeiros como Vigo até o século VI d.C. (FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, 2013).




Figura 2. Cerámicas en contextos tardíos de Viladonga. Debuxos dos autores.

Produccións engobadas

As producións con presenza de engobados é unha das máis características na contorna da cidade de Lugo (situada a escasos 20 km. de Viladonga), onde foron producidas de forma masiva dende o século I d.C. ata, polo menos, a quinta centuria (ALCORTA IRASTORZA, 2001). A súa extensión xeográfica na contorna lucense, porén, é moi ampla. Documentábase en numerosos contextos da antiga Gallaecia (FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2016, 71) como por exemplo no xacemento de Castro Ventosa (TEJERIZO GARCÍA y VIGIL-ESCALERA GUIRADO, 2017), A Lanzada (BLANCO FREIJEIRO, FUSTÉ ARA, y GARCÍA ALÉN, 1961) ou na zona de Salamanca, onde foi caracterizada como "imitación de cerámica pompeyana" nos contextos tardíos (DAHÍ ELENA, 2012). A longa vida destas producións fan que en Viladonga se atopen formas tipicamente altoimperiais e formas baixoimperiais (ALCORTA IRASTORZA, 2001; ALCORTA IRASTORZA y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2012). Estas últimas serán ás que fagamos aquí referencia.

No momento de ocupación tardío de Viladonga, as engobadas son unha das producións máis numerosas, documentándose un total de 535 fragmentos (22% do total do material tardío). Isto fai desta produción, non só a segunda quantitativamente máis importante, senón tamén un indicativo da importancia desta produción lucense fóra da capital e da súa comercialización masiva nos séculos IV a VI d.C. Ademais, están presentes na maior parte dos contextos estratigráficos, o que indica que, xunto á cerámica común romana, foi unha das producións máis comunmente utilizadas polos habitantes do castro para cubrir as funcións básicas de súa vida cotiá. Isto contrasta con contextos máis afastados do centro lucense, como Castro Ventosa, onde as producións engobadas representan un 9% do total (TEJERIZO GARCÍA y VIGIL-ESCALERA GUIRADO, 2017, 136-138).

Como xa mostraron os estudos de E. J. Alcorta, atópanse formas moi variadas, tanto abertas como pechadas, nas producións engobadas. No caso de Viladonga localizamos unha significativa variedade formal, con presenza de olas, xerras e botellas como principais formas pechadas e cuncas, vasos ou pratos

como as formas abertas máis comúns. Ao igual que a cerámica común romana -e coma case todo o conxunto analizado-, as producións engobadas aparecen moi fragmentadas, polo que son moi poucas as formas completas no rexistro. Neste sentido cabe destacar a forma 08-435, unha cunca de boca ancha e corpo pouco desenvolvido, cunha carena moi marcada e labio lixeiramente exvasado. Esta forma remite a formas tardoimperiais do século IV o V d.C. (ALCORTA IRASTORZA y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2012, 715-721) se ben segundo L. C. Juan Tovar habería que incluílo xa na quinta centuria (JUAN TOVAR, 2012b, 28). Igualmente, a forma 07-825 responde no xeral ao tipo EP6 de Alcorta, unha fonte de borde moldurado típico dos contextos tardíos da cidade de Lugo (ALCORTA IRASTORZA, 2001).




Figura 3. Cerámicas tardías de Viladonga. Debuxos do Museo do Castro de Viladonga.

Coma parte do conxunto analizado da mostra permanente, dúas formas son especialmente significativas. A primeira é una cunca de corpo globular, labio exvasado e volto e pé lixeiramente desenvolvido moi similar ao tipo 18T de Alcorta e Bartolomé, que imitarían as formas de Palol 8 e que son datadas a partir do século IV d.C. (ALCORTA IRASTORZA y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2012, 719; Figura 713.716). A segunda forma corresponde a unha gran fonte con labio volto e moldurado con decoración estampada interna, sendo engobada toda a forma. Neste caso trátase dunha fonte de imitación das formas de *sigillata* que formaría parte dun servizo de mesa. Esta foi recoñecida por Alcorta e Bartolomé, asociada a súa forma I59, relacionándoa “con producciones similares de *Bracara Augusta*” (ALCORTA IRASTORZA y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2012, 719).

Consideramos que todo o conxunto de engobadas tardías do castro de Viladonga se poden situar cronoloxicamente, de forma xeral, entre os séculos IV e V d.C. Porén, a fonte de tipo I59, en tanto que imitación de *sigillata*, dátase fundamentalmente na metade do século V d.C.

Cerámicas de Imitación de *Sigillata* (CIS).

Ao longo dos séculos quinto e sexto documéntase a presenza en toda a península ibérica dunha serie de producións cuxo nexo común é a intencionalidade para imitar as formas de *sigillata* do baixo imperio nun momento no que esta xa se deixara de producir nos principais centros oleiros da conca do Douro. Este conxunto de imitacións de *sigillata* foron estudadas e sistematizadas nos traballos de L. C. Juan Tovar baixo a categoría de «Cerámicas de Imitación de Sigillata» ou CIS (JUAN TOVAR, 2012a, 2012b; JUAN TOVAR y BLANCO GARCÍA, 1997). As súas principais características son a diversidade tecnolóxica, a imitación, sobre todo nos seus primeiros momentos, das formas típicas de *Terra Sigillata* Hispánica Tardía ou *Terra Sigillata* Africana como son os pratos e as cuncas, e unha decoración baseada nos estampados ou, en certas zonas, nas incisións. Unha das características máis sobresaíntes do conxunto cerámico de Viladonga é, precisamente, a presenza dunha importante

variedade de producións de imitación de *sigillata*, feito xa recoñecido nas publicacións xerais sobre o castro (ARIAS VILAS, et al., 2013). Porén, non son moitos os fragmentos atopados no conxunto analizado, reducidos unicamente a 7 (0,29% do total) o que mostraría unha limitada presenza durante a ocupación tardía no castro. A análise das cerámicas de imitación puido completarse co estudo da resto da colección. A maioría das pezas foi recoñecida do conxunto exposto na colección permanente⁶, onde se puido distinguir dous tipos diferenciados de producións de imitación de *sigillata*.

En primeiro lugar, documéntase producións de CIS de cocción mixta e engobe pardo-alaranxado, coñecida na literatura tamén como “*sigillata* anaranxada” ou “*sigillata* avellana”, quizá cunha orixe na imitación da *sixillata* africana (CABALLERO ZOREDA y ARGENTE OLIVER, 1975; HAYES, 1972; MAÑANES PÉREZ, 1979). Asociada a este tipo de produción localizáronse algunhas formas de Hisp 74-Palol 4, moi comúns nos contextos tardíos do centro e norte peninsular (CENTENO CEA, PALOMINO, y VILLADANGOS, 2010; JUAN TOVAR, 2012a; PAZ PERALTA, 2013). Dúas pezas presentes na colección permanente son representativas de esta produción. Un prato de borde lixeiramente exvasado con decoración incisa de liñas paralelas na parte central asociado a dous círculos concéntricos. Fóra do segundo círculo, as liñas combínanse formando pequenos triángulos que rodean o círculo. Formalmente é similar ás producións catalogadas por J. L. Tovar como “CIS engobadas rojas bracarenses” (JUAN TOVAR, 2012b, 115) e moi similar a forma Hayes 60, moi presente en contextos tardíos na Gallaecia, como en Toralla (FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, PÉREZ LOSADA, y VIEITO COVELA, 2008). A outra peza corresponde a unha tapadeira con decoración incisa e estampada mediante palmetas e puntos formando círculos moi similar a algúns exemplares atopados en Castro Ventosa (DÍAZ ÁLVAREZ y GARÍN, 1999).

⁶ As producións de CIS adoitan asociarse ás pezas finas mellor decoradas e máis vistosas, polo que poderían estar sobrerrepresentadas con respecto a súa presenza real nos contextos estratigráficos.



Figura 4. Pratos tardíos de Viladonga. Fotografías cedidas polo Museo do Castro de Viladonga.

A segunda produción de imitación de *sigillata* correspondería á chamada *sigillata* gris, moi posiblemente como imitación rexional das producións “paleocristiás” do sur de Francia, se ben non existe un consenso a este respecto (FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2016; RAYNAUD, 1993; VIGIL-ESCALERA, 2013). A presenza desta produción en Viladonga é moi escasa, reducida a dúas cuncas: primeiro, a peza 07-574; e a segunda un exemplar da colección permanente. Ambas recordan, con lixeiras variacións, á forma 5 de Rigoir, datada xenericamente entre moi finais do século IV d.C. até finais do século VI d.C. (RAYNAUD, 1993; RIGOIR, 1968), mais que consideramos mellor encadrada dentro da segunda metade do século V d.C. para o conxunto de Viladonga. Esta forma é moi común nos repertorios cerámicos coñecidos, con paralelos en xacementos como El Castellón (SASTRE BLANCO, CATALÁN RAMOS, y FUENTES MELGAR, 2014), Braga (FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2016, 76), e é tamén moi similar ás formas 6 ou 11 recoñecidas en Astorga (PAZ PERALTA, 2013). Todas elas están datadas na segunda metade do século V d.C.

Igualmente, dentro destas producións de imitación grises, cabe mencionar un prato con decoración incisa (moi similar á decoración xa descrita para o prato alaranxado) de características moi similares as producións de “gris fina tardía lucense” analizadas por Fernández y Bartolomé (FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2016, 77-78) e tamén as fontes do tipo EP7 procedentes dos talleres lucenses (ALCORTA IRASTORZA, 2001, 357).

Cerámica redutora a torno: semidepurada e depurada.

Ao longo dos séculos V e VI d.C., mais con antecedentes xa en momentos previos, documéntase nos contextos cerámicos do norte peninsular a presenza cada vez maior das producións baseadas nas coccións redutoras (FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2016; TEJERIZO GARCÍA, 2016; VIGIL-ESCALERA, 2007). Estas recibiron diversos nomes e filiacións, sendo moi común




Figura 5. Cerámicas redutoras en Viladonga. Debuxos polos autores.

atopadas, no contexto do noroeste peninsular, baixo a categorías como “cincenas tardías” ou “cincenas tardías comúns” (FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2016; GASPAR, 2003; MARTÍNEZ PEÑÍN, 2013).

En Viladonga, a súa aparición é lonxe de ser testemuñal, sendo unha das producións máis comúns dos contextos tardíos. As cerámicas redutoras representan cerca do 35% do conxunto total da cerámica do sitio, podéndose distinguir ata tres variedades: unha máis depurada (TRA/TRC; 7,28%); outra de pouca depuración (TRB; 26,45%); e finalmente un pequeno conxunto de cerámica de pastas micáceas (TRB1; 0,99%).

As formas máis depuradas parecen vincularse principalmente a formas abertas tipo cuncas ou pratos de pequeno tamaño, en ocasións con formas carenadas (por exemplo, 07-751), moi típicas do século VI d.C. (PAZ PERALTA, 2013; TEJERIZO GARCÍA, 2016; VIGIL-ESCALERA, 2003). Tamén se atoparon formas de xerra de pescozo alongado e corpo globulado, que soen recibir decoracións de liñas brunidas verticais xunto a acanaladuras e incisións (por exemplo, 08-154, 06-37, 07-791 ou 96-1121 e 1122). É interesante a nula presenza de decoración estampada nestas producións redutoras, moi comúns nos contextos do centro peninsular (GOZALO VIEJO, GONZALO GONZÁLEZ, y BLANCO GARCÍA, 2013; JUAN TOVAR, 2012a). Pola súa parte, as producións pouco depuradas asóciense maiormente ás formas pechadas tipo olas de borde volto e redondeado ou lixeiramente biselado e corpo globular. Algunhas formas destas cadeas presentan lixeiras carenas e resaltes, como a forma 07-665 que, a súa vez, teñen unha decoración a base de liñas curvas incisivas.

Unha forma especialmente recorrente no repertorio cerámico analizado e na colección permanente son uns pequenos vasos con pé resaltado, de cocción redutora de pastas depuradas (con presenza de moita mica prateada) e brunidos ben definidos na cara exterior das pezas. Este grupo xa foi abordado por Fernández e Bartolomé no seu traballo da cerámica tardía do nordeste sendo agrupadas baixo a categoría de GT12 de “fondos resaltados”. Estes autores remarcan a variedade dos pés resaltados, coma no caso de Viladonga, dende pés alongados e de forma

truncocónica ata os máis planos e curtos. Baseados noutros estudos do centro e noroeste peninsular, propónse unha datación centrada na segunda metade do século V e inicios do VI para estas producións (FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2016, 86-87; VIGIL-ESCALERA, 2013).

Producións a man.

Por último, cabe facer mención a un pequeno conxunto de producións realizadas a man, asociadas principalmente a fontes destinadas principalmente para a cociña. As súas principais características formais serían o seu grande tamaño (entre 24 e 34 cm. de anchura de boca), a presenza dun fondo moi plano, e unha parede vertical moi engrosada (por exemplo, 69-118; 96-1318 ou 08-128). A factura, como corresponde á cerámica de cociña, é pouco coidada con pastas pouco depuradas e desengraxantes de grande tamaño. Trátase dunha forma tamén documentada dentro das producións engobadas (ver máis arriba).

Estas formas a man son moi comúns nos repertorios cerámicos dende os primeiros séculos da nosa era, mais aparecen de forma reiterada nos conxuntos de época tardía en todo o norte peninsular (TEJERIZO GARCÍA, 2016). Por exemplo, no contexto de Astorga foi documentada en cantidades moi significativas e nomeada como fonte forma 2 e datada, como o resto do contexto, fundamentalmente dentro da quinta centuria (PAZ PERALTA, 2013, 226-227).

ALGUNHAS OBSERVACIÓNS XERAIS

Como xa puido advertirse, o repertorio cerámico dos contextos tardíos en Viladonga caracterízase precisamente pola súa complexidade. Neste apartado apuntaremos algunhas cuestións preliminares derivadas da análise realizada a modo de hipóteses de traballo cara ao futuro.

Unha primeira idea é que a significativa cantidade de material tardío no sitio demostra a intensidade da ocupación e a súa relevancia nos momentos

finais da presenza da estrutura imperial romana no noroeste peninsular, como xa foi destacado por outros autores (ARIAS VILAS, 1996; FERNÁNDEZ PEREIRO, 2017; RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, 1994). Máis aínda, a variedade produtiva documentada mostraría a centralidade de Viladonga na articulación das redes de intercambio e comercio no territorio. Seguindo os recentes estudos de Fernández, a aparición de produtos de importación en Viladonga - non só unicamente cerámicos, hai que pensar nos produtos transportados con ou dentro del, coma no caso das ánforas - formaría parte dun contexto xeral de reactivación do comercio no Mediterráneo cara ao Atlántico na segunda metade do século V d.C. e do rexurdir do comercio inter-provincial no noroeste peninsular, aproveitando as vías terrestres e, sobre todo, as fluviais para chegar aos puntos do interior do territorio (FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, 2013; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2016, 73-74). Por outro lado, a recepción de este tipo de materiais, que ben poderemos considerar «finos» para o contexto tratado, ponnos en relación cunha sociedade relativamente estratificada na que se atoparían personaxes con certa capacidade económica. Isto pódese comprobar tamén a través doutros obxectos documentados no xacemento, como os adornos persoais, as moedas ou incluso os vidros (DA CRUZ, 2007; DURÁN FUENTES, 2009; LAGE PILLADO, 2004).

A incorporación dos habitantes do sitio nas redes comerciais e a recepción de materiais de importación non impide a presenza no castro de materiais rexionais ou incluso locais. Moi interesante neste sentido é a ampla presenza de materiais engobados que podemos asociar aos centros produtores lucenses, o que mostraría a actividade contemporánea destes durante a ocupación tardía do castro (ALCORTA IRASTORZA, 2001; ALCORTA IRASTORZA y BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2012). En calquera caso, o repertorio cerámico tardío de Viladonga mostra unha paisaxe social e económica extremadamente activa nos momentos tardíos do sitio e participante de todas as producións cerámicas características do momento.

Outro tema é a cuestión das cronoloxías da ocupación tardía do sitio derivadas da análise realizada. Tradicionalmente esta vense datando de forma xenérica entre os séculos III e V d.C. sen

máis especificades sobre ela. As nosas análises do repertorio cerámico mostran una ocupación segura e moi intensa dende inicios do século V até os primeiros compases do século VI d.C., non existindo ni contextos ni producións claras posteriores ao século VI d.C. Máis dúbidas habería cos momentos anteriores. Se ben existen materiais nos contextos tardíos que poderían remitir aos últimos momentos do século IV, sobre todo algunhas formas de TSHT (CAAMAÑO GESTO y LÓPEZ RODRÍGUEZ, 1984), non hai evidencias de producións anteriores. Porén, esta cuestión só podería resolverse satisfactoriamente mediante o estudo de toda a secuencia cerámica.

A partir da análise do conxunto cerámico, propoñemos a primería metade do século VI d.C. para datar o abandono do castro. As razóns deste abandono son aínda esquivas a falta de estudos territoriais e contextuais, máis poderían relacionarse, como hipótese, coa reorganización do poboamento coma consecuencia da progresiva imposición do Estado suevo e a rearticulación das élites rexionais (DÍAZ MARTÍNEZ, 2011), como foi proposto para outros xacementos cercanos, como Castro Ventosa (TEJERIZO GARCÍA y VIGILE-ESCALERA GUIRADO, 2017).

CONCLUSIÓN

Como escribíamos ao inicio, o xacemento de Viladonga é un caso único para a análise das profundas transformacións sociais, políticas e económicas no interior da Gallaecia ao final da ocupación romana. Aínda máis, o excepcional conxunto cerámico exhumado no castro, se ben con certas limitacións estratigráficas e metodolóxicas, é un marcador único para profundar no coñecemento de aspectos tan importantes como a tecnoloxía, os intercambios comerciais ou a vida cotiá do sitio. Aquí presentamos un primeiro achegamento aos aspectos tecnolóxicos, formais e produtivos dos conxuntos cerámicos das fases tardías do castro. O resultado foi a detección dun significativo e diferenciado conxunto de diferentes tipos produtivos que mostrarían, ao noso parecer, a activa inserción do castro nas redes de articulación económica e social diante os séculos V e VI d.C.

Este é, porén, un primeiro paso. A análise aquí presentada corresponde a un conxunto relativamente reducido, máis moi representativo, do total da cerámica exhumada do sitio. Será moi interesante ampliar a análise aos materiais localizados nas escavacións máis antigas, que permitirán completar a imaxe tipolóxica e morfolóxica da cerámica tardía de Viladonga. Igualmente, consideramos que próximas escavacións permitirán completar este cadro e aquilatar as datacións propostas para estes contextos, desvelando así interesantes aspectos das últimas ocupacións no castro.

Finalmente, cabería a comparación dos rexistros cerámicos tardíos de Viladonga con outros localizados tanto das zonas costeiras da Gallaecia coma noutras zonas do interior peninsular, de forma similar á realizada por J. L. Tovar para o estudo específico dos materiais tipo CIS (JUAN TOVAR, 2012a, 2012b). Deste xeito, poderíase desvelar as similitudes, máis tamén as diferenzas e particularidades do conxunto cerámico do sitio. Neste sentido, por exemplo, cabería mencionar a escasa incidencia da decoración estampada nos conxuntos tardíos do castro, máis típicos do centro peninsular (JUAN TOVAR, 2012a) fronte á decoración incisa ou brunida. Igualmente, cabe mencionar ás similitudes con respecto ao conxunto xa analizado en Castro Ventosa, como foi sinalado varias veces ao longo da análise, que acercaría o castro a dinámicas territoriais comúns no interior da Gallaecia.

En calquera caso, esperamos que este traballo poida achegar algúns datos e abra novas portas para o coñecemento dun xacemento único e dun período aínda por ser explorado e interpretado de forma complexa no seu contexto territorial e histórico.

BIBLIOGRAFÍA

ALCORTA IRASTORZA, Enrique J., *Lucus Augusti (vol. II): cerámica común de cocina y mesa hallada en las excavaciones de la ciudad*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2001.

ALCORTA IRASTORZA, Enrique J. y BARTOLOMÉ ABRAIRA, Roberto. "Muestras de cerámica engobada romana de producción local de Lucus Augusti (Lugo)", en D. BERNAL CASASOLA y A. RIBERA I LACOMBA (Eds.), *Cerámicas hispanorromanas II. Producciones regionales* (pp. 699-724). Cádiz: Universidad de Cádiz, 2012.

ARIAS VILAS, Felipe. *Castro de Viladonga. Campaña 1983*, Xunta de Galicia, 1985.

ARIAS VILAS, Felipe. "Castros lucenses de época romana". *Memorias de Historia Antigua*, 1987, 8, 7-16.

ARIAS VILAS, Felipe. "Apuntes sobre a ocupación do territorio na Galicia baixorromana: castros e vilas", *Galicia: da romanidade á xermanización. Problemas históricos e culturais. Actas do encontro científico en homenaxe a Fermín Bouza Brey (1901-1973)*, Santiago de Compostela, 1993, pp. 201-208.

ARIAS VILAS, Felipe. "Poblamiento rural: la fase tardía de la cultura castreña", en: C. FERNÁNDEZ OCHOA (Ed.), *Los finisterres atlánticos en la Antigüedad: época prerromana y romana*, Gijón, 1996, pp. 181-188.

ARIAS VILAS, Felipe, DURÁN FUENTES, María Consuelo, BASTOS BERNÁRDEZ, Dolores, y VARELA ARIAS, Elena. *Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2013.

AYÁN VILA, Xurxo M. *Casa, familia y comunidad en la Edad del Hierro del NW*. Santiago de Compostela: Xurimarú Servizos de Comunicación, 2012.

BLANCO FREIJEIRO, Antonio, FUSTÉ ARA, Miguel, y GARCÍA ALÉN, Alfredo. "La necrópolis galaico-romana de La Lanzada (Noalla, Pontevedra)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1961, 16, 49, 141-158.

-
- CAAMAÑO GESTO, J.M., y LÓPEZ RODRÍGUEZ, José Ramón. "Sigillatas del castro de Viladonga (Lugo). I"; *Gallaecia*, 1984, 7-8, 158-177.
- CABALLERO ZOREDA, Luis, y ARGENTE OLIVER, Inmaculada. "Cerámica paleocristiana, gris y anaranjada, producida en España"; *Trabajos de Prehistoria*, 1975, 32, 1, 113-150.
- CENTENO CEA, Inés, PALOMINO, Ángel Luis, y VILLADANGOS, Luis M. "Contextos cerámicos de la primera mitad del s.V en el interior de la Meseta. El yacimiento de Las Lagunillas (Aldeamayor de San Martín, Valladolid)"; *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, 2010, LXXVI, 91-144.
- CUOMO DI CAPRIO, Ninina. *Ceramica in Archeologia 2. Antiche tecniche di lavorazione e moderni metodi di indagine*, Roma: L'Erma di Bretschneider, 2007.
- CHAMOSO LAMAS, Manuel. "Las excavaciones del Castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados"; *Actas del Coloquio internacional sobre el Bimilenario de Lugo*, Lugo 1977 , pp. 41-46.
- DA CRUZ, Mário. "Vidros do Castro de Viladonga (Lugo). Um caso exemplar"; *CROA. Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga*, 2007, 17, 14-24.
- ELENA, Sara. *Contextos cerámicos de la Antigüedad Tardía y la Alta Edad Media (siglos IV-VIII d.C) en los asentamientos rurales de la Lusitania Septentrional (Provincia de Salamanca)*, Oxford: British Archaeological Reports, 2012.
- DÍAZ ÁLVAREZ, Inés, y GARÍN, Alberto. "Estudio de los materiales arqueológicos de Castro Ventosa"; *Estudios Bercianos*, 1999, 25, 74-95.
- DÍAZ MARTÍNEZ, Pablo de la Cruz. *El Reino Suevo (411-585)*, Tres Cantos: Akal, D.L., 2011.
- DORREGO MARTÍNEZ, Filomena, y RUBIERO DA PENA, Ana María. "Consideracións sobre os temas decorativos na cerámica castrexa de Viladonga"; *CROA. Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga*, 1998, 8, 21-28.
- DURÁN FUENTES, María Consuelo. *Moedas do Museo do Castro de Viladonga*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2009.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Adolfo. *O comercio tardoantigo no noroeste peninsular*, A Coruña: Toxosoutos, 2013.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Adolfo, y BARTOLOMÉ ABRAIRA, Roberto. "Cerámicas tardoantiguas en el noroeste de la Península (Galicia y norte de Portugal): entre la importación y el artesanado local/regional"; en J. A. QUIRÓS CASTILLO y A. VIGIL-ESCALERA (Eds.), *La cerámica de la Alta Edad Media en el cuadrante noroeste de la Península Ibérica (siglos V-X)*, Bilbao: Universidad del País Vasco, 2016, pp. 69-111.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Adolfo, PÉREZ LOSADA, Fermín, y VIEITO COVELA, Santiago. "Cerámica fina de importación en Toralla (Vigo): abastecimiento y consumo en una villa costera atlántica tardorromana"; en C. FERNÁNDEZ OCHOA, V. GARCÍA ENTERO y F. GIL SENDINO (Eds.), *Las "villae" tardorromanas en el Occidente del Imperio: Arquitectura y función. IV Coloquio Internacional de Arqueología en Gijón*, Oviedo, 2008, pp. 575-586.
- FERNÁNDEZ PEREIRO, Mario. "Mais lá da cultura castreja: castros ex-novo durante a antigüidade tardía no noroeste da Gallaecia"; en A. VÁZQUEZ MARTÍNEZ, R. CORDEIRO MACENLLE, M. CARRERO PAZOS, M. DÍAZ RODRÍGUEZ, A. A. RODRÍGUEZ NOVOA y B. VILAS ESTÉVEZ (Eds.), *(Re)escribindo a historia. Achegas dos novos investigadores en arqueoloxía e ciencias da antigüidade*, Santiago de Compostela: Andavira Editora, 2017, pp. 287-298.
- GASPAR, Alexandra. "Cerâmicas cinzentas da antigüidade tardía e alto-medievais de Braga e Dume"; en L. CABALLERO ZOREDA, P. MATEOS CRUZ y M. RETUERCE (Eds.), *Cerámicas tardorromanas y altomedievales en la Península Ibérica*, Mérida: Instituto de Arqueología de Mérida, 2003, pp. 455-481.
- GONZÁLEZ RUIBAL, Alfredo. *Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C-50 d.C)*, A Coruña: Museo Arqueológico e Histórico de A Coruña (Vol. 18), 2006-2007.

GOZALO VIEJO, Francisco, GONZALO GONZÁLEZ, José María, y BLANCO GARCÍA, Juan Francisco. "El Cerro Tormejón (Armuña, Segovia). Análisis de sus materiales cerámicos tardoantiguos," *CuPAUAM*, 2013, 39, 151-182.

HAYES, J.W. *Late roman pottery*, London: British School at Rome, 1972.

JUAN TOVAR, Luis Carlos. "Las cerámicas imitación de sigillata (CIS) en la Meseta Norte durante el siglo V. Nuevos testimonios y precisiones cronológicas," en C. FERNÁNDEZ IBÁÑEZ y R. BOHIGAS ROLDÁN (Eds.), *In durii regione romanitas. Homenaje a Javier Cortes*, Santander/Palencia, 2012a, pp. 365-372.

JUAN TOVAR, Luis Carlos. "Las cerámicas imitación de sigillata en el occidente de la Península Ibérica durante el siglo V d.C.," en D. BERNAL CASASOLA y A. RIBERA I LACOMBA (Eds.), *Cerámicas hispanorromanas II. Producciones regionales*, Cádiz: Universidad de Cádiz, 2012b, pp. 97-129.

JUAN TOVAR, Luis Carlos, y BLANCO GARCÍA, Juan Francisco. "Cerámica común tardorromana, imitación de sigillata, en la provincia de Segovia," *Archivo Español de Arqueología*, 1997, 70, 171-219.

LAGE PILLADO, Manuel. *Fíbulas galaico-romanas do Castro de Viladonga*, Santiago de Compostela: Xunta de Galiza, 2004.

LEMONNIER, Pierre. *Elements for an anthropology of Technology*, Michigan: University of Michigan, 1992.

LEÓN ASENSIO, Cristina, y BARONA BARONA, Mónica. "Terra Sigillata Africana D en la Meseta Norte," en J. C. SASTRE BLANCO, R. CATALÁN RAMOS y P. FUENTES MELGAR (Eds.), *Arqueología en el valle del Duero. Actas de las primeras jornadas de jóvenes investigadores en el valle del Duero*, Madrid: La Ergástula 2013, pp. 291-298.

LOVELLE, Mónica R., y LÓPEZ QUIROGA, J. "El poblamiento rural en torno a Lugo en la transición de la antigüedad al feudalismo (ss. V-X)." *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 2000, 47, 113, 53-76.

MAÑANES PÉREZ, Tomás. "La cerámica tardorromana-visigoda, anaranjada y gris, con decoración estampada en la España Nor-Occidental." *Publicaciones de la Institución Tello Téllez de Meneses*, 1979, 43, 213-250.

MARTÍNEZ PEÑÍN, Raquel. "Estudio preliminar de las producciones cerámicas tardoantiguas y altomedievales localizadas en la ciudad de Braga (Portugal)," *Estudios Humanísticos. Historia*, 2013, 12, 65-89.

PAZ PERALTA, J.A. "La vajilla de cerámica hispánica tardía gris y naranja en Asturica Augusta (Astorga, León). Conjunto C" Ex Officina Hispana," *Cuadernos de la SECAH*, 1, Madrid: La Ergástula, 2013, pp. 217-256.

RAYNAUD, Claude. "Céramique estampée grise et orangée dite "derivée de sigillée paléochrétienne," *Lattara*, 1993, 6, 410-418.

RIGOIR, Jacqueline. "Les sigillées paléochrétiennes grises et orangées," *Gallia*, 1968, XXVI, 177-244.

RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Tomás. "El fin del mundo fortificado y la aparición de las "aldeas abiertas": La evidencia del centro-oriente de Lugo (Samos y Sarria)," *Espacio, Tiempo y Forma*, 1994, 7, 153-189.

SASTRE BLANCO, José Carlos, CATALÁN RAMOS, Raúl, y FUENTES MELGAR, Patricia. "El conjunto cerámico de El Castellón (Zamora) y las cerámicas de imitación de Sigillata en el contexto del siglo V," en R. MORAIS, A. FERNÁNDEZ y M. J. SOUSA (Eds.), *As produções cerâmicas de imitação na Hispania*, Porto: Faculdade de Letras da Universidade de Porto, 2014, pp. 537-547.

TEJERIZO GARCÍA, Carlos. "Construyendo la casa por los cimientos: consideraciones acerca de la cerámica de la primera Alta Edad Media en la parte central de la cuenca del Duero," en J. A. QUIRÓS CASTILLO y A. VIGIL-ESCALERA (Eds.), *La cerámica de la Alta Edad Media en el cuadrante noroeste de la Península Ibérica (siglos V-X)*, Bilbao: Universidad del País Vasco, 2016, pp. 229-254.

TEJERIZO GARCÍA, Carlos, y VIGIL-ESCALERA GUIRADO, Alfonso. "Castro Ventosa y La Cabeza de Navasangil: una revisión de sus secuencias de ocupación y del fenómeno de los asentamientos fortificados altomedievales"; *Nailos*, 2017, 4, 129-161.

VEGAS, Mercedes. *Cerámica común romana del Mediterráneo occidental*, Barcelona: Universidad de Barcelona, 1973.

VIGIL-ESCALERA, Alfonso. "Cerámicas tardorromanas y altomedievales de Madrid"; en L. CABALLERO ZOREDA, P. MATEOS y M. RETUERCE (Eds.), *Cerámicas tardorromanas y altomedievales en la Península Ibérica*, Anejos de AEspA, 2003, Vol. XXVIII, pp. 371-387.

VIGIL-ESCALERA, Alfonso. "Algunas observaciones sobre las cerámicas "de época visigoda" (ss. V-IX d.C) de la región de Madrid"; en A. MALPICA CUELLO y J. C. CARVAJAL (Eds.), *Estudios de cerámica tardorromana y altomedieval*, Granada, 2007, pp. 359-382.

VIGIL-ESCALERA, Alfonso. "Las últimas producciones de TSHT en el interior peninsular. Ex officina hispania"; *Cuadernos de la SECAH*, 2013, 1, 11-24.

VIGIL-ESCALERA, Alfonso. *Los primeros paisajes altomedievales en el interior de Hispania. Registros campesinos del siglo quinto d.C.*, Bilbao: Universidad del País Vasco, 2015.

VIGIL-ESCALERA, Alfonso, y QUIRÓS CASTILLO, Juan Antonio. *La cerámica de la Alta Edad Media en el cuadrante noroeste de la Península Ibérica (siglos V-X)*, Bilbao: Universidad del País Vasco, 2016.

VIGIL-ESCALERA, Alfonso, y TEJERIZO GARCÍA, Carlos. "Asentamientos fortificados altomedievales en la Meseta: algunas distorsiones historiográficas"; en R. CATALÁN RAMOS, P. FUENTES MELGAR y J. C. SASTRE BLANCO (Eds.), *Las fortificaciones en la tardoantigüedad. Élités y articulación del territorio (siglos V-VIII d.C.)*, Madrid: La Ergástula, 2014, pp. 229-245).

